- Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consul-ta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de forma progresivamente autónoma a partir dunha prese-lección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura.
- Criterios e estratexias para a selección de obras variadas que inclúan autoras e autores galegos e, en menor medida, do ámbito lusófono a partir da utilización autónoma da biblioteca escolar e pública dispoñible.
- Participación activa en actos culturais vinculados co circuío literario e lector.
- Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos de maneira argumentada entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais.
- Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura do patrimonio literario galego e, en menor medida, do lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
- Estratexias de utilización de información sociohistórica, cultural e artística básica para construír a interpreta-ción das obras literarias: achegamento ao contexto, á corrente literaria, ao autor ou autora e establecemento de parentescos literarios.
- Estratexias para interpretar obras e fragmentos literarios a partir da integración dos diferentes aspectos anali-zados e atendendo aos valores culturais, éticos e estéticos presentes nos textos. Lectura con perspectiva de xénero. Visibilización do univers
- Lecturas de obras que promovan a defensa dos dereitos humanos e a conciencia ambiental.
- Lectura expresiva, dramatización e recitación dos textos atendendo aos procesos de comprensión, apropia-ción e oralización implicados.
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Relación entre os esquemas semántico e sintáctico da oración composta (subordinada). Observación e trans-formación de enunciados de acordo con estes esquemas e uso da terminoloxía sintáctica necesaria.
- Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica. Elaboración de glosarios, recoñecemento de distintos tipos de dicionarios, potenciación das TIC a través do emprego do dicionario d
- Promoción dun modelo lingüístico afastado da castelanización e da deturpación para conseguir unha lingua de calidade.

UD	Título da UD	Duración
12	Con moito misterio	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Identificar e cuestionar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal a partir da análise da diversidade lingüística da contorna escolar e social próxima e da exploración e reflexión sociolingüística sobre os fenómenos de contacto entre linguas e da indagación dos dereitos lingüísticos individuais e colectivos.	Identificar e cuestionar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural.	PE	55
CA3.5 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico, atendendo á configuración e á evolución dos xéneros e subxéneros literarios.	Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas		
CA4.1 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o dominio do sistema fonético-fonolóxico, o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas máis xenuínas.	Mostrar actitudes de escoita activa en procedementos comunicativos, comprobando a súa fiabilidade.		
CA1.1 - Recoñecer e valorar, a partir da explicación da orixe común do galego e do portugués e do seu desenvolvemento histórico e sociolingüístico, as semellanzas e diferenzas entre as dúas linguas, identificando e contrastando os trazos lingüísticos máis salientables e ampliando o repertorio léxico en lingua portuguesa.	Identificar as nocións básicas do galego e do castelán, adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural.	TI	45
CA1.4 - Valorar a lingua éuscara, analizando as súas características máis salientables para coñecer e comprender a realidade lingüística de España.	Comprender e valorar a realidade lingüística de España		
CA2.1 - Comprender e valorar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais, escritos e multimodais de certa complexidade de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos e avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Adoptar unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural.		
CA2.3 - Participar de maneira activa e axeitada en interaccións orais informais e en situacións orais formais de carácter dialogado, mantendo actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	Participar en interaccións orais informais, no traballo en equipo e en situacións orais formais.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5 - Planificar a redacción de textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle, presentando, despois da súa revisión, un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado.	Realizar e planificar textos con intención comunicativa previamente establecida		
CA2.6 - Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira progresivamente autónoma procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e reelabora-la e comunicala de maneira creativa adoptando un punto de vista crítico e respectando os principios de propiedade intelectual.	Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes.		
CA2.10 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos, procurando consensos, tanto no ámbito persoal coma no educativo e no social.	Desterrar os usos discriminatorios da lingua, os abusos a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe.		
CA3.2 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos de certa complexidade avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	Interpretar e comprender o sentido dos textos escritos sobre temas de interese persoal, social e educativo.		
CA4.4 - Formular xeneralizacións sobre algúns aspectos do funcionamento da lingua a partir da observación, a comparación e a transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos, utilizando a metalinguaxe específica e consultando de maneira progresivamente autónoma dicionarios, manuais e gramáticas.	Formular xeneralizacións sobre aspectos básicos do funcionamento da lingua.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Ampliación do coñecemento do portugués. Semellanzas e diferenzas léxicas entre o galego e o portugués (falsos amigos). - Fenómenos dialectais fónicos, gramaticais e léxicos dos bloques e das áreas lingüísticas do galego. Comparación entre a norma e as variedades dialectais. - Diferenzas entre os trazos dialectais, os sociolectos e os rexistros. - Desenvolvemento da reflexión sociolingüística. Exploración e rexeitamento de prexuízos e estereotipos lingüísticos. Os fenómenos do contacto entre linguas: bilingüismo, diglosia, préstamos, interferencias. - Indagación sobre os dereitos lingüísticos e a súa expresión en leis e declaracións institucionais. - Valoración e comprensión das principais características do éuscaro. - Elaboración de traballos de investigación relacionados con temas de interese académico, persoal ou social. - Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Secuencias textuais básicas, con especial atención ás argumentativas. - Propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación. - Xéneros discursivos propios do ámbito social. Redes sociais e medios de comunicación. Etiqueta dixital e ris-cos de desinformación, manipulación e vulneración da privacidade na Rede. Análise da imaxe e dos elementos paratextuais dos textos icónico-verbais

Contidos

- Xéneros discursivos propios do ámbito profesional: o currículo, a carta de motivación e a entrevista de traballo.
- Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.
- Interacción oral e escrita de carácter informal e formal: cooperación conversacional e cortesía lingüística. Es-coita activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos.
- Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal, dos abusos a través da palabra e dos uso
- Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. Os abusos de poder e a manipulación a través da linguaxe. As falsas noticias. Valoración
- Produción escrita: planificación, textualización, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, definici
- Alfabetización mediática e informacional: procura e selección da información con criterios de fiabilidade, calidade e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas propios e transformación en coñecemento; comunica
- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- Correlación temporal na subordinación de oracións e no discurso relatado.
- Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de forma progresivamente autónoma a partir dunha selección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura.
- Criterios e estratexias para a selección de obras variadas que inclúan autoras e autores galegos e, en menor medida, do ámbito lusófono a partir da utilización autónoma da biblioteca escolar e pública dispoñible.
- Participación activa en actos culturais vinculados co circuío literario e lector.
- Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos de maneira argumentada entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais.
- Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura do patrimonio literario galego e, en menor medida, do lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
- Estratexias e modelos de construción compartida da interpretación das obras, como discusións, conversas literarias, debates e emisión razoada das opinións persoais coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica.
- Estratexias de utilización de información sociohistórica, cultural e artística básica para construír a interpretación das obras literarias: achegamento ao contexto, á corrente literaria, ao autor ou autora e establecemento de parentescos literarios.
- Relación e comparación dos textos lidos con outros textos orais, escritos ou multimodais, con outras manifestacións artísticas e culturais e coas novas formas de ficción en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e d
- Estratexias para interpretar obras e fragmentos literarios a partir da integración dos diferentes aspectos analizados e atendendo aos valores culturais, éticos e estéticos presentes nos textos. Lectura con perspectiva de xénero. Visibilización do univers
- Lecturas de obras que promovan a defensa dos dereitos humanos e a conciencia ambiental.
- Lectura expresiva, dramatización e recitación dos textos atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados.
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.

Contidos

- Relación entre os esquemas semántico e sintáctico da oración composta (subordinada). Observación e transformación de enunciados de acordo con estes esquemas e uso da terminoloxía sintáctica necesaria.
- Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica. Elaboración de glosarios, recoñecemento de distintos tipos de dicionarios, potenciación das TIC a través do emprego do dicionario d
- Promoción dun modelo lingüístico afastado da castelanización e da deturpación para conseguir unha lingua de calidade.

4.1. Concrecións metodolóxicas

LIÑAS METODOLÓXICAS:

Antes de comezar cada unidade tratarase de pescudarn na aula os coñecementos adquiridos do alumnado para relacionalos progresivamente cos novos contidos que se impartan, coa intención de acadar unha aprendizaxe significativa e construtiva na que o alumnado poida servirse das súas capacidades e do seu propio ritmo de aprendizaxe na asimilación dos novos contidos. Pretendemos ademais

O principal propósito que se procura é mellorar a competencia comunicativa en lingua galega. Non esquezamos que a clase de lingua estivo tradicionalmente orientada, na meirande parte dos casos, á realización dunha serie de actividades pouco motivadoras, encamiñadas a conseguir uns contidos formais que dificilmente teñen relación co uso real da lingua.

Liñas metodolóxicas

A metodoloxía aplicada guíaranse polos seguintes puntos:

- Activa e participativa, favorecendo tanto o traballo individual do alumnado como o cooperativo, fomentando o traballo autónomo e a autoavaliación, de cara a procurar os progresos.
- Aprendizaxe significativa, de modo que as novas adquisicións do estudante enlacen cos coñecementos previos, tanto do seu repertorio lingüístico como do mundo, para dar lugar a reestruturacións mentais cada vez máis inclusivas, amplas e ricas.
- Aprendizaxe funcional, segundo o cal as actividades de ensino-aprendizaxe parten de situacións reais, académicas e sociais, e retornan a elas en formas diversas de aplicación científica, técnica, social, etcétera.
- Recursos didácticos diversos e fontes de información variadas, coa intención de chegar ás preferencias, gustos e habilidades dun maior número de alumnado, e ofrecer unha visión o máis ampla posible das culturas que vehicula a lingua estranxeira.
- Aprendizaxe lúdica. Na medida do posible as actividades levadas a cabo terán unha compoñente lúdica, de cara a crear un clima de traballo positivo, favorecendo que o alumnado demande máis traballo-xogo e, en consecuencia, a aprendizaxe progresa cun ritmo e profundidade maior.
- Métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe, favorezan a capacidade de aprender por si mesmos e promovan a aprendizaxe en equipo.
- Interdisciplinariade. Implementaranse proxectos comúns a varias materias, que contribúan á adquisición de contidos de todas elas e poidan ser avaliados baixo diferentes aspectos, contribuíndo no alumnado á percepción dun ensino máis global e coherente e rentabilizando o seu traballo e esforzo.
- Reflexión sobre o funcionamento da lingua, encamiñándoa a que o alumnado poida utilizar os coñecementos adquiridos sobre o novo sistema lingüístico como instrumento de control e autocorrección das producións propias e como recurso para comprender mellor as alleas.
- Disposición da aula en pequenos grupos, o que facilita a interacción visual, a cooperación e promove unha mellor comunicación. Desaparecen por outra banda os lugares privilexiados de "diante-atrás", asimilados con frecuencia ao alumnado con mellor-peor rendemento e/ou actitude na aula.
- Recursos dixitais: Farase un uso cotiá da aula virtual, e de ser o caso, do manua de francés dixital, presentando material explicativo, tarefas a realizar, probas, etc. Propóranse proxectos que requiran documentarse ou apoiarse en ferramentas dixitais para a súa exposición, contribuíndo así á adquisición da competencia dixital, entre outras.
- A materia contribúe á competencia plurilingüe ofrecendo oportunidades para interactuar en situacións comunicativas e para reflexionar sobre a linguaxe en xeral a través da comparación entre as distintas linguas que se están a aprender (TIL - Tratamento Integrado das Linguas).

Lectura

Ademais das actividades de lectura vinculadas aos contidos incluídos na programación, cremos que hai que dedicar a este apartado esforzos específicos, encamiñados non só á superación das deficiencias que poidan presentar os

alumnos, senón sobre todo á estimulación do hábito de lectura. Para este fin incluímos na programación lecturas obrigatorias cada trimestre sobre as que se realizará un control de lectura ou un traballo oral ou escrito no que o alumnado explique e valore os aspectos máis relevantes do libro proposto. Ademais destas lecturas obrigatorias fomentárase que o alumnado poida aumentar o número de lecturas con carácter voluntario, valorándose esta actividade positivamente de cara á avaliación.

Lingua oral

A lingua de uso na aula para a materia de Lingua galega e literatura será sempre o galego. Por tanto, todas as interaccións do alumnado entre si e co profesor produciranse sempre nesta lingua.

Por outra banda é moi importante que na aula se cre un clima de respecto mutuo, colaboración e participación activa que permita a expresión de opinións, ideas, gustos persoais, etc.

Outro aspecto relevante en relación coa lingua oral é o manexo de rexistros diferentes, así como o coñecemento, valoración e respecto cara ás distintas variedades do galego. Parece importante que o alumnado poida escoitar testemuñas vivas dos diferentes usos, rexistros e variedades da lingua oral, e para tal fin procuraremos facer uso dos medios audiovisuais e informáticos cos que contamos no instituto.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro de texto Lingua e literatura 4 Obradoiro Santillana e materiais de elaboración propia

As aulas e a biblioteca son os lugares en que o alumnado ten ao seu alcance a maioría dos recursos e materiais do centro. A biblioteca ofrece, ademais, obras de lectura, libros de texto, mapas, revistas, xornais e recursos dixitais para consultar información, realizar traballos de investigación etc.

Ademais do libro de texto empregáranse material de elaboración propia e outro que poderemos atopar en texto en liña, material audiovisual diverso (fragmentos de documentais, telexornais, cancións, vídeos musicais, portais de información, xornais dixitais, dicionarios, Porta das palabras, conxugadores verbais, fotografías, presentacións dixitais, kahoots, mapas etc) e material de elaboración propia que será empregado a través da Aula Virtual.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial, cuxo fin é diagnosticar e valorar o nivel de coñecementos previos do alumnado, efectuarase nas primeiras sesións do curso. Será, xunto coa información obtida a través do Departamento de Orientación e da consulta do expediente académico do alumno ou alumna no XADE, unha ferramenta esencial para que o profesorado poida coñecer o nivel académico do alumnado nas distintas competencias, co fin de poder adaptar o seu proceso de ensinanza e a súa proposta didáctica a ese nivel.

Alén diso, a avaliación inicial constitúe un factor preventivo esencial na atención á diversidade, especialmente cando se trata de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

Os resultados da avaliación inicial servirán como referente para adoptar as decisións de tipo educativo que correspondan e, nos casos en que for necesario, para demandar da xefatura do Departamento de Orientación a realización dunha avaliación psicopedagóxica.

Será unha proba de elaboración propia na que se dea conta de: coñecementos básicos adquiridos, comprensión e expresión escrita e produción escrita.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	8	9	9	10	7	7	8	7	8	9
Proba escrita	60	50	55	55	60	55	55	55	60	55
Táboa de indicadores	40	50	45	45	40	45	45	45	40	45

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	8	10	100
Proba escrita	50	55	55
Táboa de indicadores	50	45	45

Criterios de cualificación:

Os criterios de cualificación de cada avaliación serán os seguintes:

- 1) Probas escritas 70%: en cada trimestre realizaranse dúas probas escritas; porén, se a dificultade ou extensión dos contidos o aconsellase poderase dividir en máis probas escritas.
- 2) Traballo de lectura 10%: ao alumnado proporáselle a lectura dun libro por trimestre do que realizará un control de lectura ou, se o profesor o considera, un traballo no que dará conta de diversos aspectos da súa experiencia lectora.
- 3) Expresión oral planificada 10%: o alumnado realizará en cada trimestre unha exposición sobre diferentes temas. Terase en conta o uso da lingua galega durante as clases. Empregarase unha rúbrica para avaliar as producións orais.
- 4) Entregas de traballos e traballo de aula 10%: o alumnado realizará entregas de traballos durante cada avaliación; ademais, terase en conta o traballo diario de clase e a entrega de caderno.

A nota final de cada avaliación será a suma dos apartados anteriores debidamente ponderados e expresarse cunha nota numérica que irá do 1 ao 10. A nota mínima para aprobar calquera avaliación é de 5 puntos. A nota final do curso calcularase mediante a media aritmética das tres avaliacións sen redondeo.

Os erros ortográficos, morfosintácticos ou léxicos descontarán en cada proba ou traballo escrito ata un punto; os erros moi graves (non uso das maiúsculas, tempos compostos, pronomes mal colocados) restarán 0,1 cada un, os graves (xénero e número incorrectos e castelanismos léxicos) descontarán 0.05 e o resto, 0.01. Tamén se poderá descontar ata 0,5 puntos por deficiencias na presentación dos escritos (ausencia de marxes, caligrafía ilexible ou abundancia de borranchos ou riscos).

Quen non realice un exame na data fixada deberá presentar xustificante oficial para poder realizalo posteriormente.

Empregar métodos fraudulentos na realización de probas ou traballos, permitir que outros copien o seu traballo, participar en calquera actividade ou estratexia para mellorar resultados (copiar literalmente ou parafrasear unha fonte bibliográfica, por exemplo) implicará a obtención automática dun cero como cualificación nesa proba/pregunta

ou traballo.

Criterios de recuperación:

O alumnado cualificado por debaixo de 5 na avaliación realizará unha proba escrita de recuperación da parte avaliable correspondente ás probas escritas do trimestre anterior.

Respecto á cualificación final, esta será a media da cualificación obtida en cada avaliación sen redondeo, tendo en conta as recuperacións realizadas. Se estivesen suspensas as probas ordinarias e a recuperación, escollerase a nota máis alta das dúas para realizar a media da cualificación final.

Dado que a nota final do curso se obtén coa media das tres avaliacións, no caso de haber algunha avaliación que non se teña superado nas recuperacións, esta poderá ser compensada se a nota media xunto coas aprobadas permitise chegar ao 5.

Finalmente, se unha vez esgotadas todas as posibilidades anteriores algún alumno ou alumna tivese suspensa unha única avaliación, poderá facer un exame nos últimos días de xuño para poder superar a materia.

Para valorar as faltas de ortografía nas producións escritas, distinguírase entre falta considerada leve, que descontará 0,1 puntos e unha falta considerada grave, 0,2 puntos. O desconto, no caso dos traballos e tarefas, non excederá do máximo outorgado a este apartado na táboa de valoración dos traballos e tarefas.

6. Medidas de atención á diversidade

As medidas de atención á diversidade enténdense como o conxunto de actuacións educativas dirixidas a darlles resposta ás diferentes capacidades, motivacións e intereses, ritmos e estilos de aprendizaxe e situacións persoais do alumnado. Estas medidas orientáanse a alcanzar os obxectivos e as competencias establecidas para a ESO e réxense polos principios de equidade, calidade e igualdade de oportunidades, non discriminación, integración, accesibilidade e cooperación da comunidade educativa.

Segundo o artigo 49 da Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación, "as administracións educativas asegurarán os recursos necesarios para que as alumnas e alumnos que requiran unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentaren necesidades educativas especiais, por atraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e a comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por se acharen en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por se teren incorporado tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar, poidan acadar o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades persoais e, en todo caso, os obxectivos establecidos con carácter xeral para todo o alumnado".

En canto á atención á diversidade, o Departamento de Lingua Galega e Literatura é un dos máis implicados, dado o carácter instrumental das materias que imparte, na estruturación deste tipo de medidas. Algunhas xa se comentaron ao tratar a avaliación inicial ou avaliación de diagnóstico, como formas de tratamento individualizado que parten dos datos achegados nese momento e do que consta no historial académico de cada alumno e cada alumna.

Á parte das medidas citadas neste apartado, a atención á diversidade será un enfoque permanente na actividade das aulas da materia. O profesorado do departamento adoptará sempre unha posición activa perante o seu labor nas clases, apoiará no seu traballo ao alumnado con máis necesidades e atenderá aos diferentes ritmos de aprendizaxe.

A este respecto, debemos citar o alumnado que está diagnosticado de trastornos como o TDAH: no nivel en que estamos xa contabamos con algúns casos detectados en cursos anteriores; con eles e elas seguiranse os protocolos indicados polo Departamento de Orientación. Tamén contamos cun Plan individualizado para alumnado que permanece máis dun ano no mesmo curso, do que xa falamos ao describirmos as actuacións derivadas da avaliación inicial. Neste curso temos varios casos, dos que faremos o seguimento en colaboración co Departamento de Orientación.

A partir da avaliación inicial, proporanse as correspondentes actuacións de seguimento e atención ao alumnado, tanto as medidas ordinarias como as extraordinarias. Faranse actividades especificamente deseñadas para cada caso.

Así, en concreto, o plan específico personalizado para o alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso, obrigado polo artigo 52 da Orde do 8 setembro de 2021 de atención á diversidade incluírá os seguintes apartados:

- a) Identificación da alumna ou do alumno
- b) Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso
- c) Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior
- d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento
- e) Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan

f) Se for o caso, oferta de medidas extraordinarias

g) Acreditación da información á familia

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan específico personalizado e, se for necesario, realizaránselle os axustes que procedan. Ao final do curso, na mesma sesión de avaliación, informarase sobre o seu desenvolvemento e aproveitamento.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Emprendemento	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Educación para a paz	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Educación emocional e en valores.	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.1 - Emprendemento	X	X	X	X
ET.2 - Igualdade de xénero	X	X	X	X
ET.3 - Educación para a paz	X	X	X	X
ET.4 - Educación emocional e en valores.	X	X	X	X

Observacións:

O Decreto do currículo de ESO establece que en todas as materias e, polo tanto, en Lingua Galega e Literatura de 4º de ESO, se traballarán os seguintes elementos transversais:

- a comprensión lectora
- a expresión oral e escrita
- a comunicación audiovisual
- a competencia dixital
- o emprendemento social e empresarial
- o fomento do espírito crítico e científico
- a educación emocional e en valores
- a igualdade de xénero
- a creatividade

Alén diso, pola peculiaridade da materia de Lingua Galega e Literatura, a comprensión lectora e a comunicación oral e escrita, ao formar parte do currículo, serán elementos tratados dunha ou doutra maneira en todas as unidades didácticas, polo que non aparecen singularizados en ningunha delas.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visita Convento do Carme	Visita á exposición pictórica de exalumno do centro vencellado á Literatura Galega do primeiro terzo do século XX	X		
Visita á Casa Museo de Otero Pedrayo	Visita á casa museo de Otero Pedrayo		X	
Visita Casa Museo de Manuel María	Percorrido pola obra de Manuel María a través de visita ao museo			X
Posible) Asistencia a representacións teatrais ou proxeccións cinematográficas no Auditorio de Padrón ou noutros da zona	Actividade para achegármonos a aspectos lingüísticos, literarios ou históricos relacionados co currículo.	X	X	X
(Posible) Encontros con escritores e escritoras, en colaboración co EDLG e con Vicedirección	Actividade para falarmos con autores e autoras sobre algún dos seus títulos ou sobre a obra en xeral.	X	X	X
(Posible) Outras actividades: en colaboración co EDLG, co Equipo de Biblioteca ou con Vicedirección	Actividades que incidan no currículo da materia, en especial as relativas a contidos de lingua e literatura.	X	X	X

Observacións:

As actividades que figuran a continuación e que se definen como "posibles" non están pechadas aínda, pero tendo en conta as actuacións do centro en cursos pasados considérase que se executarán. Dependerán da adaptación das candidaturas que se propoñan ao transcurso da programación académica. Ademais, estaremos pendentes da oferta cultural da zona para a incorporación de posibles novas actividades relacionadas con diversos aspectos da materia.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Realízase un seguimento da programación didáctica
Metodoloxía empregada
Os criterios de cualificación son axeitados e están formulados claramente
Os contidos son axeitados e desenvólvense adecuadamente
Alcánzanse os obxectivos previstos
Realízanse explicacións e aténdense dúbidas
Empregouse unha metodoloxía precisa e variada, con uso de materiais diversos.

Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Respectouse a distribución temporal de contidos e actividades
Procurouse a actualización profesional, tanto no que se refire a aspectos didácticos xerais e específicos da materia como no ámbito das novas tecnoloxías.
Desenvólvense actividades e tarefas de progresiva dificultade
Realízase programación de aula
Integráronse as TIC e os medios audiovisuais
Trátanse os temas transversais
Medidas de atención á diversidade
Propóñense diferentes instrumentos de avaliación
Clima de traballo na aula
Estableceuse unha comunicación continuada co alumnado imposibilitado para asistir temporalmente ao centro (atención domiciliaria, hospitalización etc.), a través da aula virtual ou doutras comunicacións telemáticas.
Participouse no Plan lector do centro e en actividades programadas por outros grupos ou equipos docentes (EDLG, Equipo de Biblioteca etc.).
Potenciouse a participación, o diálogo e a reflexión dentro da aula.
Fomentouse que o alumnado utilizase a lingua galega habitualmente na clase co profesor ou profesora e cos seus compañeiros e compañeiras.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
12. Axustáronse as unidades didácticas á temporalización indicada e desenvolvéronse as actividades propostas de acordo á súa secuenciación.
Hai acordos no departamento en canto á metodoloxía a desenvolver
Prográmanse actividades complementarias e extraescolares
Propuxéronse e concretáronse actividades de seguimento para atender a diversidade do alumnado: NEAE, repetidores/as, ACS, reforzos.
Asistiuse ás reunións de departamento achegando ideas, información e modificacións á PD, valorando os resultados das avaliacións do alumnado e propondo estratexias de mellora.
Infórmase ás familias
Outros
Pasóuselle ao alumnado un cuestionario-enquisa a respecto da práctica docente do profesor ou profesora.

Descrición:

Cada un dos ítems anteriores será valorado de 0 a 10 e os seus resultados reflectiranse na memoria final, de cara a corrixir as deficiencias que se detecten para o vindeiro curso.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A xefatura do Departamento de Lingua Galega e Literatura do centro establece, ao longo do curso e dentro do seu calendario de reunións, varias sesións de control do desenvolvemento da programación, como mínimo unha cada trimestre. Nestas reunións abórdanse os seguintes aspectos:

- Correcta temporalización e secuenciación de contidos.
- Criterios de avaliación adecuadamente tratados e avaliados.
- Grao de consecución de mínimos esixibles, suficiente ou excesivo.
- Procedementos e instrumentos de avaliación axeitados e suficientes.

Ademais, cada docente achega ao final do curso un informe razoado do seu labor en que se dá conta dos resultados, a avaliación e o grao de adquisición das competencias clave nas materias e grupos que impartiu. No departamento realízase, ao final de cada curso e ao comezo do seguinte, unha análise de resultados e unha comparativa con anos anteriores, co fin de reflexionar e tirar conclusións da actividade xeral ao longo de todo o ano académico. Unha vez detectados os procesos que se poidan mellorar, inclúiranse as modificacións pertinentes durante o mes de setembro do curso seguinte na nova programación didáctica.

9. Outros apartados